

**Resolución da Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, pola que se fan públicas as listas provisorias de persoal admitido e excluído do procedemento selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso nas prazas de persoal laboral referenciadas no anexo do Decreto 79/2022, de 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria das prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado 1.4.1 das bases que rexen o proceso selectivo extraordinario de estabilización, aprobadas mediante resolución do 28 de decembro de 2023 ( e modificadas mediante resolución do día 6 de febreiro de 2023), a Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia,

#### **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar e facer pública, no anexo I desta resolución, a relación provisional de persoas aspirantes admitidas, con especificación da exención ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no anexo II desta resolución, a relación provisional de persoas aspirantes excluídas, con indicación da causa específica da súa exclusión.

Terceiro.- Publicar no Diario Oficial de Galicia o anuncio de exposición do listado provisorio, así como no portal web corporativo [www.cidadedacultura.org](http://www.cidadedacultura.org) o contido desta resolución e os anexos.

As persoas aspirantes excluídas, ou as que non acreditaron estar en posesión do Celga requirido, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, ou, no seu caso, para presentar a xustificación de estar en posesión do Celga requirido.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos requiridos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deban presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

**Na Cidade da Cultura de Galicia, na data da sinatura dixital  
A directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia  
Ana Isabel Vázquez Reboredo**

